

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES
CURSO: 4.º DE EDUCACIÓN INFANTIL
MATERIA: Relixión Católica
DEPARTAMENTO: ---
DATA: 11 / 05 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Obxectivos e contidos.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos e Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballos realizados polo alumnado propostos polo profesorado.
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso realizarase tendo en conta os progresos acadados no segundo trimestre, xunto coa valoración positiva das achegas, participacións e logros acadados ao longo do terceiro trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades sóbense de forma bimensual á aula virtual do Centro, e abranguen tarefas dos seguintes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Visualización de materiais en liña relacionados cos contidos da materia - Reflexións sobre o aprendido nos devanditos materiais - Elaboración de fichas de índole lúdica e didáctica sobre o tema tratado, sexa de forma analóxica ou dixital - Participación en xogos que permitan fixar os coñecementos adquiridos
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Ao comezar cada bloque de actividades, sóbense no blogue da aula virtual as tarefas correspondentes, precedidas dunha breve contextualización e coa aclaración dunha data límite de entrega. O alumnado atopa o acceso aos materiais necesarios, xa sexa mediante ligazóns a páxinas web ou mediante ficheiros adxuntos proporcionados polo docente.</p> <p>Dentro do prazo establecido, o alumnado remite as tarefas completadas ao docente por correo electrónico, e este as revisa e envía a súa resposta pola mesma vía.</p> <p>Estas actividades encadraranse dentro do marco de coordinación establecido polo equipo docente do centro, co que se produce unha comunicación constante por vía telemática.</p> <p>Repasaranse, reforzaranse ou complementaranse aqueles contidos susceptibles de seren traballados telematicamente, e especialmente os relativos aos obxectivos mínimos establecidos no noso centro para Educación Infantil.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais e recursos utilizados inclúen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A aula virtual do Centro - Páxinas web de acceso gratuíto con contido audiovisual - Fichas e actividades de elaboración propia - Correo electrónico, para a comunicación co alumnado - En casos puntuais, de considerarse necesario, recórrase ao contacto por vía telefónica ou por videoconferencia, a través da plataforma CISCO WEBEX.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Remitiráselles información sobre esta adaptación das programacións do terceiro trimestre ás familias a través de mensaxería instantánea desde o centro, indicando onde poden consultalas. Na información que se lles remita ás familias haberá que indicar que “a programación adaptada deste terceiro trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección e, se esta indica cambios, trasladaráselle de novo”
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.